

ESTADO DE GASTOS

Cap.	Denominación	Crédito Inicial	Crédito Definitivo
6	Inversións reais	2.686.002,76	2.694.730,43

O Grove, a 20 de novembro de 2009.—O Alcalde, Jose A. Cacabelos Rico.

2009013178

A N U N C I O

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública no concello do Grove a favor de empresas explotadoras de suministros que resulten de interese xeral ou afecten a xeneralidade da veciñanza.

ARTIGO 1.—NATUREZA, FUNDAMENTO E FEITO IMPOÑIBLE

En uso das facultades concedidas polo Art. 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de Marzo, e da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora da Bases de Réxime Local, este Concello, co obxecto de fixa-la estrutura, contía e demais aspectos necesarios para axiliza-la xestión e recadación da Taxa por ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública,

ACORDA:

ARTIGO 2.—SUXEITOS PASIVOS

1.—Son suxeitos pasivos as empresas explotadoras dos servizos de suministro de gas, electricidade, teléfono e outros análogos, sempre que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

A estos efectos, se incluírán entre as empresas explotadoras dos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

Non se incluírán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servizos de telefonía móbil.

Este tributo aplicárase ás empresas as que se refire o párrafo c) do Art. 24 do Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das que se efectúan os suministros como se, non sendo titulares das redes o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión a estas.

2.—Os suxeitos pasivos que residan no estranxeiro durante máis de seis meses de cada ano natural, estarán obrigados a designar un representante así como un domicilio no territorio español, a los efectos das súas relacións ca Facenda Pública.

ARTIGO 3.—RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán Responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

3. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa, estará obrigado ao reintegro do coste total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación. Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ao valor dos bens destruídos ou o importe dos danados. O Concello non poderá condonar, total ou parcialmente, as indemnizacións e reintegros aos que se refire o presente apartado.

ARTIGO 4.—CONTÍA DA TAXA

1.—A contía desta taxa será, no caso das empresas explotadoras de servizos de subministros que afecten á totalidade ou a unha parte importante da veciñanza, a contía da taxa regulada neste acordo consistirá, en todo caso e sen ningunha excepción, no 1,5 % dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste término municipal ditas empresas.

2.—A contía desta taxa que puidera corresponder a Telefónica de España, S.A., está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o apartado 1 do artigo 4º da Lei 15/87, do 30 de Xullo (Disposición Adicional Oitava da Lei 39/1988, do 28 de Decembro que o texto refundido da lei reguladora de facendas locais declara vixente na súa disposición derogatoria única apartado 1º).

3.—Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación os obtidos polas empresas como contraprestación polos servizos prestados en cada término municipal.

4.—Non se incluírán entre os ingresos brutos, os impostos indirectos que graven os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan ingreso propio da entidade á que se lle aplica este réxime especial de cuantificación.

Tampouco se incluírán entre os ingresos brutos as cantidades percibidas por servizos de suministro que vaian ser utilizados nas instalacións inscritas na Sección 1ª ou 2ª do Rexistro Administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica do Ministerio de Economía, como materia prima necesaria para a xeración e enerxía susceptible de tributación por este réxime especial.

5.—As empresas que empleen redes alleas para efectuar os suministros deducirán de seus ingresos brutos de facturación as cantidades satisfeitas a outras empresas en concepto de acceso ou interconexión as súas redes. As empresas titulares das redes deberán computar as cantidades percibidas por tal concepto entre os seus ingresos brutos de facturación.

ARTIGO 5.—DEVENGO

1.—O devengo producirase cando se inicie a utilización privativa ou o aproveitamento especial, momento que, a estes efectos, enténdese que coincide co da concesión da licenza, se a mesma foi solicitada.

2.—Sen prexuízo do previsto no punto anterior, poderá existirse depositar o importe da taxa cando se presente a solicitude de autorización para gozar do aproveitamento especial.

3.—Cando se producise no uso privativo o aproveitamento especial sen solicitar licenza, o devengo ten lugar no momento do inicio do aproveitamento.

ARTIGO 6.—PERIODO IMPOSITIVO

1.—Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial deba durar menos dun ano, o periodo impositivo coincidirá con aquel determinado na licenza municipal.

2.—Cando a duración temporal da utilización ou o aproveitamento se extienda a varios exercicios, o devengo da taxa terá lugar o 1 de Xaneiro de cada ano e o periodo impositivo comprenderá o ano natural, excepto nos supostos de inicio ou cese na utilización ou no aproveitamento.

ARTIGO 7.—RÉXIME DE DECLARACIÓN E INGRESO

1.—A Administración Municipal establece o sistema de declaración-liquidación mensual con carácter xeral, podendo convenir a Alcaldía fixar outro periodo (trimestral ou anual) atendendo aos importes das liquidacións.

2.—Estas liquidacións terán carácter provisional ata que se realicen as comprobacións oportunas pola Administración Municipal.

3.—Antes do 1 de Agosto de cada ano presentarase polos obrigados ao pago certificación expedida polos auditores da empresa, na que se reflectan os ingresos brutos do exercicio sometido a tributación e copia autorizada do balance e memoria do exercicio, así como calquera outro dato para comprobar a exactitude dos ingresos brutos que poida ser reclamado pola Administración municipal.

ARTIGO 8.—EXENCIONS E BONIFICACIÓNS

Non se concederá exención ni bonificación algunha nos importes das cuotas tributarias, a non ser que veñan recollidas en normas con rango de lei ou derivado de tratados internacionais.

ARTIGO 9.—INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo a infraccións e sancións tributarias e as súas distintas cualificacións, así como as sanción que ás mesmas correspondan en cada caso, aplicaranse as normas establecidas na vixente lei xeral tributaria.

ARTIGO 10.—DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

En O Grove, a 25 de Agosto de 2009.—O Alcalde-Presidente, José Antonio Cacabelos Rico.

2009013425

Anuncio de adxudicación de contrato**1. ENTIDADE ADXUDICADORA**

Concello do Grove

- a) Enderezo de Internet do perfil do contratante
www.contratosdeg Galicia.es

2. OBXECTO DO CONTRATO

- a) Tipo: Obra
b) Descrición: OBRA NA RÚA LUIS SEOANE FASE III
d) CPV:
g) Medio de publicación do anuncio de licitación: Sen publicidade.
h) Data de publicación do anuncio de licitación:

3. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO

- a) Tramitación: urxente
b) Procedemento: Negociado sen publicidade

4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

Importe neto 137.931,03 euros, IVE (16 %) 22.068,96 euros, Importe total 160.000,00 euros.

5. ADXUDICACIÓN

- a) Data: 24/11/09
b) Contratista: Contrafic, S.L.
c) Importe de adxudicación. Importe neto 137.931,03 euros, IVE (16 %) 22.068,96 euros, Importe total 160.000,00 euros.

O Grove, 25 de novembro de 2009.—O Alcalde, José A. Cacabelos Rico.

2009013427

* * *

A GUARDA**A N U N C I O**

Transcorrido o prazo de trinta días hábiles dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 196 de 9 de outubro de 2009 do anuncio de aprobación inicial da Ordenanza reguladora da taxa pola prestación dos servizos de axuda no fogar (saf) do Concello da Guarda, sen que se houberan presentado reclamacións á mesma, de acordo cos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, se entende definitivamente aprobado e se procede á súa publicación íntegra.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR (SAF)**ARTIGO 1. FUNDAMENTO**

Polo artigo 106 da lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co previsto nos artigos 41 a 47 e 127 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, pólo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar (en adiante, SAF).

ARTIGO 2. CONCEPTO

A taxa regulada nesta ordenanza constitúe unha contra-prestación pecuniaria que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación do SAF e lles sexa concedida de acordo co previsto no regulamento do servizo.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos, obrigados ó pagamento desta taxa, as persoas que voluntariamente, ben de forma temporal ou de carácter estable, se beneficien da prestación do SAF do concello da Guarda, conforme a lei 39/2006, do 14 de decembro, pola que se regula a Promoción da Autonomía Persoal e de Atención a Dependencia e normativa de desenvolvemento da mesma e do da prestación do SAF do Consello da Guarda.

ARTIGO 4. CONTÍA

Pola prestación deste servizo establécese un custo de 12,00 euros/hora, revisables ao alza en Xaneiro de cada ano, de forma automática segundo ó índice de prezos ó consumo de decembro publicado polo Instituto Nacional de Estatística ou organismo que o substitúa, sen prexuízo de que deba ser obxecto doutras modificacións en función das que sufra o custo real do servizo.

ARTIGO 5. APORTACIÓN DO USUARIO

De acordo co artigo 16 do regulamento de SAF do concello da Guarda, os criterios de participación no financiamento do custo do SAF por parte dos usuarios obrigados segundo pagamento serán os seguintes:

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.
2. Para o resto dos supostos o concello da Guarda establece a modalidade do copagamento do servizo que se reflecta na seguinte táboa:

TÁBOA DE COPAGAMENTO DE AXUDA NO FOGAR

INGRESOS IMPREM	COPAGO
Entre o 100 % e o 150 %	10%
Entre o 150 % e o 200 %	12%
Entre o 200 % e o 250 %	15%
Entre o 250 % e o 300 %	20%
Entre o 300 % e o 350 %	28%
Entre o 350 % e o 400 %	37%
Entre o 400 % e o 450 %	45%
Entre o 450 % e o 500 %	60%
> 500 %	65%

3. Sen prexuízo do establecido no punto anterior; poderán contemplarse excepcións aos criterios xerais no casos nos que a problemática principal atendida sexa relativa á desestruturación familiar, a exclusión social e a pobreza infantil, reflectido sempre no informe emitido polo/pola traballador/a social.
4. En todo caso, para aplicación das tarifas terase en conta o disposto na Ordenanza reguladora do servizo municipal de axuda no fogar en vigor.

ARTIGO 5. OBRIGA DE PAGO

1. A obriga de pagar a taxa nace dende que se inicie a prestación do servizo de SAF.
2. Cando por causas non imputables ao abrigado ao pagamento do prezo, o servizo non se preste ou desenvolva, precederá a devolución do importe correspondente,

ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN

1. O Concello unha vez iniciada a prestación do servizo, procedera a aprobar a liquidación que corresponda, na que constarán os datos precisos para a determinación do importe correspondente á mensualidade que se indique nela, emitindo a carta de pago correspondente.